

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

ORDE do 19 de decembro de 2019 pola que se regula o réxime de subvencións ás organizacións sindicais e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

O artigo 4 do Decreto 106/1994, do 21 de abril, polo que se establece o réxime xeral das axudas e subvencións en materia de ámbito laboral e mellora das condicións de traballo, determina o marco xeral en que se encadran as subvencións que a consellería competente, na actualidade a Consellería de Economía, Emprego e Industria, concederá ás organizacións sindicais con representación na Comunidade Autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e co fin de facilitar ás organizacións sindicais o exercicio das funcións e facultades a que se refire a referida lei, en concreto a realización das funcións propias das organizacións sindicais e a promoción do funcionamento dos seus gabinetes técnicos así como o apoio aos plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais, anúncianse os seguintes tipos de axudas para o ano 2020:

Programa I. Axudas para o desenvolvemento das actividades ordinarias das organizacións sindicais durante o ano 2020.

Programa II. Axudas para a creación e/ou o funcionamento de gabinetes técnicos das organizacións sindicais e para plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.

O Decreto 135/2017, do 28 de decembro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e atribúe á Secretaría Xeral de Emprego a execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia laboral.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (en diante Orde do 11 de febreiro de 1998), posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos aprobado polo Consello de la Xunta de Galicia do día 17 de outubro de 2019.



De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da dita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Por todo o exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e, de conformidade coas atribucións que teño conferidas e para a debida aplicación dos créditos orzamentarios aos fins para os cales foron establecidos,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación

Artigo 1. *Obxecto e tipo de axudas*

1. Esta orde ten por obxecto a convocatoria de axudas que concederá a Consellería de Economía, Emprego e Industria ás organizacións sindicais con representación na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo ao seguinte:

Programa I (TR807A). Axudas para o desenvolvemento das actividades ordinarias das organizacións sindicais.

Programa II (TR807B). Axudas para a creación e/ou o funcionamento de gabinetes técnicos das organizacións sindicais e para plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.

2. Concluído o proceso de eleccións sindicais previsto no título II do actual texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e en virtude do sistema de medición da representatividade das organizacións sindicais para os efectos das axudas previstas nesta orde, terase en conta a representatividade sindical o 31 de decembro de 2019, referida exclusivamente ao ámbito territorial de Galicia.

Artigo 2. *Condicións xenéricas para os dous programas*

1. As solicitudes, tramitación e concesión destas axudas axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro,



e nesta orde. O procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de conformidade co previsto no artigo 19.2 da Lei de subvencións de Galicia, axustándose a repartición aos criterios que se establecen nesta orde.

2. Non poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde aquelas entidades que non cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Non serán subvencionables os gastos financeiros, os derivados de actividades de asesoría financeira e os gastos notariais e rexistrados, nin os gastos derivados da compra de equipamentos informáticos nin de calquera outro tipo de investimento que supoña un incremento patrimonial.

4. Os gastos derivados de actividades de asesoría xurídica só serán subvencionables nos casos en que o asesoramento estea referido a actividades sindicais. Para estes efectos serán actividades subvencionables todas aquelas accións en que ese asesoramento se realiza en nome e/ou representación da entidade solicitante para a defensa das persoas traballadoras ás cales representa en todo tipo de procedementos xudiciais e extraxudiciais.

CAPÍTULO II

Programa I. Axudas para o desenvolvemento das actividades ordinarias das organizacións sindicais durante o ano 2020 (TR807A)

Artigo 3. Finalidade

Será a de facilitarlles axudas económicas ás organizacións sindicais con representación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para as actividades ordinarias que lle son propias e que se desenvolvan no ano 2020.

Artigo 4. Financiamento

Estas axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.324A.481.6 da Secretaría Xeral de Emprego, cun crédito por importe de 780.200 €, co código de proxecto 2015/513.

Artigo 5. Entidades beneficiarias e actividades subvencionables

1. O crédito que figura na citada aplicación orzamentaria será proporcionalmente distribuído entre as organizacións sindicais solicitantes a que se refire o artigo 1.2.



2. Terán a condición de actividades subvencionables as actuacións ordinarias e habituais realizadas polas organizacións sindicais que impliquen o normal desenvolvemento das funcións que lles son propias.

CAPÍTULO III

Programa II. Axudas para a creación e/ou o funcionamento de gabinetes técnicos das organizacións sindicais e para plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais (TR807B)

Artigo 6. Finalidade

Será a de apoiar o funcionamento dos gabinetes técnicos das organizacións sindicais nas actividades específicas das materias correspondentes ao exercicio da actividade sindical, así como a de facilitar a formación de cadros e delegadas e delegados sindicais.

Artigo 7. Requisitos dos gabinetes técnicos

Para poderen ser obxecto de subvención, os gabinetes técnicos das organizacións sindicais deberán estar integrados, como mínimo, por dúas persoas, unha das cales deberá ter unha titulación de grao ou equivalente. Estas persoas estarán contratadas a xornada completa para a realización das actividades propias dos gabinetes.

Artigo 8. Financiamento

Estas subvencións financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 09.40.324A.481.7 da Secretaría Xeral de Emprego, cun crédito por importe de 319.600 €, co código de proxecto 2015/514.

Artigo 9. Entidades beneficiarias e actividades subvencionables

1. O crédito será proporcionalmente distribuído entre as organizacións sindicais intersectoriais que o soliciten, segundo o número de representantes que tivesen o 31 de decembro de 2019 en virtude das eleccións realizadas nas empresas e nas administracións públicas no ámbito de Galicia. Terase en conta o número de representantes que teñan as organizacións sindicais baixo a denominación con que figuren rexistradas na data antedita.



2. Terán a condición de actividades subvencionables as actuacións de carácter concreto e específico derivadas do funcionamento ordinario dos gabinetes técnicos das organizacións sindicais que impliquen o normal desenvolvemento das súas funcións, así como a impartición de actividades formativas dirixidas a cadros e delegadas e delegados sindicais. No caso de actividades formativas, os custos subvencionables por participante e por hora de impartición determinaranse de acordo cos módulos económicos máximos establecidos no anexo I da Orden TMS/368/2019, de 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se regula a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento (BOE núm. 78, do 1 de abril de 2019).

3. As entidades beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde que teñan por finalidade o financiamento de plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais poderán subcontratar, por unha soa vez, a realización do plan de formación tendo en conta que a subcontratación non pode supoñer un aumento do custo de execución do plan subvencionado, e que deberá ser realizada consonte o establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Ademais, os/as subcontratistas deberán facilitarles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas. Esta subcontratación poderá chegar ata o 100 % do importe do plan.

Cando a actividade concertada con terceiros exceda o 20 % do importe da subvención e ese importe sexa superior a 60.000 euros, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o contrato se subscriba por escrito.
- b) Que a súa subscripción a autorice previamente a Secretaría Xeral de Emprego a través de comunicación escrita.

CAPÍTULO IV

Procedemento

Artigo 10. *Forma e lugar de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados (anexo I e/ou anexo II) dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>



Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 11. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación dos procedementos*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación.

a) Acordo do órgano reitor competente, debidamente acreditado, polo que se decida solicitar a subvención.

No caso de que unha federación ou confederación efectúe a solicitude da subvención en nome doutros sindicatos con representatividade, deberán xuntar documentación acreditativa na cal conste a autorización dos sindicatos para que a confederación a solicite no seu nome.

b) Memoria explicativa da actividade ou actividades desenvolvidas ou que vaia desenvolver a organización sindical ou o seu gabinete técnico, e sobre o plan de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais, segundo o tipo de axuda que se solicite. En todo caso, as actuacións corresponderán ao ano 2020 e deberán constar de xeito detallado e específico.

c) Poder suficiente que acredite a representación da persoa que actúe en nome da organización sindical solicitante.

d) As organizacións sindicais solicitantes das axudas relativas ao programa II, ademais de achegar a documentación anterior, deberán acreditar que teñen a condición de intersectoriais.

e) Cando se trate de axudas para o funcionamento de gabinetes técnicos, tamén se deberá xuntar copia cotexada dos contratos de traballo do persoal adscrito ao gabinete e os documentos expedidos pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social que acrediten a súa alta, así como a realización dunha xornada a tempo completo como persoal traballador da central sindical solicitante.



Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para a cotexo da copia electrónica presentada.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica.

Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 12. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación destes procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificado de débedas expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- d) Certificado de débedas expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social.



e) Certificado de débedas expedido pola Axencia Tributaria de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 13. *Prazo de presentación*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte á data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Para este efecto entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de publicación no DOG.

3. Se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

4. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Artigo 14. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei, o incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.



3. Por outra parte, de conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitírase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 15. *Tramitación*

1. Logo da recepción de solicitudes, o Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral da Secretaría Xeral de Emprego comprobará se cada solicitude presentada coa súa correspondente documentación reúnen os requisitos exixidos nos artigos anteriores e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, requirírase a entidade interesada para que nun prazo de 10 días emende a falta ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se dará por desistida da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da antedita lei.

2. Unha vez realizado o trámite anterior, os expedientes remitíranse á Comisión de Valoración para que emita informe previo á elevación ante o órgano competente para formular a proposta de resolución.

3. Para os efectos do disposto no número anterior, a Comisión de Valoración estará formada polos seguintes membros: a persoa titular da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, quen presidirá, a persoa titular do Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral, unha persoa titular dunha sección do Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral e unha persoa funcionaria designada pola Presidencia da comisión, que actuará como secretario ou secretaria.

4. Se por calquera causa, no momento en que a Comisión de Valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituída polo funcionario ou funcionaria que para o efecto designe a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e o nomeamento deberá recaer nunha persoa cuxo posto de traballo estea adscrito á dita secretaría xeral.

Artigo 16. *Resolución*

1. A resolución das axudas, logo do informe da Comisión de Valoración e da proposta da persoa titular da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e a fiscalización da Intervención



Delegada da consellería, corresponderalle á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego, por delegación da persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e notificaráselles ás entidades interesadas no prazo de dez días a partir da data en que se dite a resolución.

2. O prazo para resolver e notificar será de tres meses contados desde o peche do prazo de presentación de solicitudes. A resolución poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación.

3. Transcorrido o prazo para resolver o procedemento sen que se dite resolución expresa, entenderase que esta é desestimatoria da concesión da axuda ou subvención.

4. De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Economía, Emprego e Industria publicará na súa páxina web e no DOG a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a súa publicación na citada páxina web.

Artigo 17. *Práctica das notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións na conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal para



todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá crear de oficio o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderáse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde á posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico efectuará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 18. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 19. *Información básica sobre a protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Consellería de Economía, Emprego e Industria- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e dos contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, esta circunstancia relectirase no dito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Artigo 20. *Xustificación da subvención*

1. Unha vez notificada a resolución de concesión de subvención e previamente ao seu cobramento, a entidade beneficiaria dispoñerá dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada segundo o disposto no artigo 21.5, parágrafo 2º, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, o prazo de presentación da xustificación das axudas concedidas rematará o 31 de outubro do 2020, agás que na resolución de concesión se estableza unha data posterior.

2. No momento en que se teña constancia da aceptación da subvención concedida poderanse realizar pagamentos anticipados para os dous programas, logo da solicitude en concepto de anticipo e de acordo coas seguintes condicións establecidas no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Cando o importe da subvención non supere os 18.000 €, ata o 80 % da subvención concedida.

b) Cando a subvención supere os 18.000 €, poderanse conceder pagamentos dun 10 % adicional sobre o importe que exceda os 18.000 €.

3. As axudas, con carácter xeral, poderán facerse efectivas nunha ou varias fases. A Administración poderá efectuar un pagamento único ou varios pagamentos parciais á entidade beneficiaria segundo se xustifique a realización das actividades subvencionadas e os gastos delas derivados.



4. De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 62.3 e 67 do mesmo corpo legal, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

5. Documentación xustificativa:

a) Certificacións nas cales figure a desagregación detallada dos gastos contraídos polas actividades obxecto de subvención, expedida pola persoa representante da central sindical solicitante.

b) Facturas nas cales figure o destino concreto do gasto, que deberá axustarse á finalidade da subvención. Ademais, deberanse presentar os xustificantes de pagamento das ditas facturas, de acordo co disposto nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita lei.

Admítese a presentación de facturas electrónicas sempre que se poida garantir a autenticidade da orixe e a integridade do contido da factura de acordo co artigo 10 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación. Tamén se admiten os xustificantes de pagamento por vía electrónica.

Non se admitirán as xustificacións de gastos realizadas mediante pagamentos en efectivo.

c) Declaración de que as facturas e demais documentación que se presenten para o efecto de xustificar o gasto subvencionado non foron nin serán presentadas como xustificación para a concesión doutras axudas por calquera outra Administración pública competente ou por outros entes públicos ou privados (segundo o modelo de anexo III).

d) No caso de presentar nóminas como xustificación de gastos de persoal, tamén se achegarán os seguintes documentos:

1º. Relación nominal das persoas traballadoras cos seguintes datos: nome, tipo de contrato e xornada de traballo.



2º. Os xustificantes correspondentes ás cotizacións da Seguridade Social (RLC e RNT, sistema de liquidación directa Proxecto Creta).

3º. Transferencias bancarias do seu pagamento.

e) No caso de xustificar gastos derivados de asesoría xurídica, tamén deberán presentar unha certificación da persoa representante da central sindical en que se especifique o concepto, os termos, o importe e os datos identificativos da persoa ou persoas ou entidade que prestan ese asesoramento.

f) No caso de que se realice a subcontratación das actividades subvencionadas prevista no artigo 9 desta orde, as entidades beneficiarias da axuda para plans de formación de cadros e delegadas e delegados sindicais, tamén achegarán, cando fose necesario, copia do contrato suscrito con terceiros para a execución total ou parcial das ditas actividades segundo o establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) No momento da xustificación das actividades subvencionadas deberá presentarse declaración expresa de non incorrer nas circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración deberá ser individualizada para cada programa (segundo o modelo do anexo III).

h) No momento da xustificación total da actividade subvencionada, deberá presentarse declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma actividade, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados; se é o caso, indicarse na declaración que non solicitou ou percibiu outras axudas ou subvencións (segundo o modelo do anexo III).

Esta comunicación deberá ser individualizada por programa e deberá efectuarse tan pronto se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

i) Así mesmo, no momento da xustificación da execución total da actividade subvencionada e, en calquera caso antes do último pagamento, deberase presentar unha memoria detallada de todas as actividades realizadas no ano 2020 dentro de cada un dos programas obxecto de subvención. Deberán constar datas e lugares de realización así como o contido desas actividades.



j) Ademais do disposto nas alíneas anteriores, na memoria das actividades realizadas e subvencionadas no marco do programa II e segundo o suposto de que se trate, farase constar:

1º. Aquelas actuacións propias e específicas da materia ás cales se dedique o gabinete técnico da central sindical solicitante.

2º. Se é o caso, certificación do representante legal da central sindical solicitante que acredite as persoas adscritas ao gabinete técnico correspondente.

3º. No caso de plans de formación, deberán presentar unha relación detallada dos cursos e demais actividades formativas desenvolvidas durante o ano 2020, especificando as datas e os lugares de realización efectiva, o número de horas e a porcentaxe mínima de asistencia exixida xunto cunha estatística co número de asistentes ás actividades formativas desagregada por sexo. Deberán achegarse os controis de asistencia de cada alumna ou alumno ás actividades formativas.

6. En todo caso, as ditas xustificacións poderanse complementar cos medios de xustificación previstos nos artigos 46 e 47 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e terán que presentarse antes do 31 de outubro de 2020.

7. Cando o importe do gasto subvencionable supere os 15.000 euros, de acordo co establecido no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á prestación do servizo ou á entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten ou subministren ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

8. Transcorrido o prazo establecido sen ter presentado a xustificación dos gastos perante a Secretaría Xeral de Emprego, esta requirirá á central sindical beneficiaria para que no prazo improrrogable de 10 días a presente. Así mesmo, cando o órgano competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de defectos emendables na xustificación presentada pola beneficiaria, porao no seu coñecemento e concederalle un prazo de 10 días para a súa corrección. A falta de presentación da xustificación ou a non corrección no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención (artigos 45 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).



